



## TRANSCRICIÓN DO PODCAST

### Escóitase o inicio do "Alba de gloria" de Castelao

**Eladia:** Ola! Benvidos e benvidas a un novo episodio de "Botar a lingua a pracer", Somos Eladia e Rosa e neste podcast..

**Rosa:** imos contarvos o que aconteceu na literatura galega do século XX, desta volta, dende o exilio americano.

**Eladia.** Seguimos do outro lado do océano Atlántico, coma moitos outros antes ca nós, os que viñan fuxindo da miseria e da guerra.

**Rosa:** Aquí estamos en Bos Aires, o 25 de xullo de 1948, Día, da patria galega!!!

**Eladia:** Os emigrantes e exiliados reunímonos con moita emoción este día para escoitar a Castelao, que vai pronunciar...

**Rosa:** ... o discurso máis famoso da nosa lingua, titulado "Alba de gloria".

[Discurso. Dende o comezo ata os montes de Portugal.]

**Rosa:** Vaia palabras tan emotivas. Esa lembranza dos cabos, das serras, de norte a sur... Como adoran a súa, a nosa Galiza!

**Eladia:** E non a van adorar!! Destes homes e mulleres, **moitos** tiveron que fuxir da terra por causas políticas... outros levan anos fóra por mor da emigración...

**Rosa:** E aínda nun país novo, nun novo continente... non esquecen quen son e de onde veñen.

**Eladia:** Estes irmáns e irmás van loitar pola nosa cultura, lingua e literatura dende alén mar. **E vaia se o fan!**

### MÚSICA DA INTRODUCCIÓN DO APUNTAMENTO HISTÓRICO

- O alzamento militar e o triunfo do réxime franquista forzou moitos escritores, artistas e intelectuais a abandonar a nosa terra para así salvar a súa vida.
- Os exiliados son recibidos en Sudamérica por unha numerosa comunidade emigrante e alí xurdirá un forte movemento político e cultural.
- Castelao xunto co resto de deputados galeguistas e republicanos exiliados, forma o Consello de Galiza, coa esperanza de manter o goberno galego desde o continente americano.
- No exilio pervive tamén o pacto Galeuzca iniciado antes da guerra. As tres comunidades históricas Galiza, Euskadi e Cataluña reclamaban nel a autodeterminación dos seus pobos.



•Galiza segue baixo a ditadura franquista. A literatura galega queda silenciada ata que nos anos 50 xorde a editorial Galaxia.

### PECHE APUNTAMENTO HISTÓRICO

**Eladia:** Pois como ves, Rosiña, estes son momentos **moi duros** para a nosa lingua e a nosa literatura. **Unicamente** os exiliados poden berrar as inxustizas que sufrimos.

**Rosa:** A través da política, da cultura pero tamén dos seus libros, non si?

**Eladia:** Si, claro!! Escribiron teatro, poesía, novela...

**Rosa:** Imos logo coas novelas!

**Eladia:** A primeira que fala sobre a guerra civil é de Ramón de Valenzuela. Leva por título *Non agardeji por ninguén*.

**Rosa:** Vaia título! Pois xa o o di todo!

**Eladia:** Exactamente. Nesta novela cóntanse as andanzas do seu protagonista, Gonzalo Ozores, como fuxido e guerrilleiro.

**Rosa:** E de fuxidos tamén trata a historia *O siño Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte* na que Antón Alonso Ríos ...

**Eladia:** ...relata a peripecia que sofre o protagonista desde xullo do 36 ata a súa chegada a Bos Aires.

**Rosa:** Sabes? Consegue escapar da guerra disfrazado de esmolante.

**Eladia:** E menos mal que o consegue! . Outro autor que conta a súa fuxida da ditadura é Silvio Santiago, sen ir máis lonxe.

**Rosa:** Coa novela *No silencio redimido*, claro! Deste xeito, dá voz a tódolos silenciados por causas políticas.

**Eladia:** Como ves, esta guerra brutal vai marcar a obra destes homes.

**Rosa:** Xa que os que quedaron na terra non puideron contalo..

**Eladia:** No exilio americano tamén verán a luz **dúas novelas senlleiras:** *A esmorga* de Blanco Amor e *Memorias dun neno labrego* de Neira Vilas.

**Rosa:** que non puideron ser publicadas en Galicia por mor da guerra.



**Eladia:** Blanco Amor e Neira Vilas... merecen un podcast enteiro... xa falaremos deles noutrora!

**Rosa:** Pois xa mo contarás! Imos logo coa poesía do exilio?

**Eladia:** Imos ló! Un dos maiores representantes foi Luis Seoane.

**Rosa:** Ben sei! Seoane traballaba arreo pola promoción da cultura galega: Era debuxante, escritor, facía radio...

**Eladia:** E ademais... poeta! Publica varios libros coma *Fardel de eisiliado*. Nos seus poemas dálle voz ás reivindicacións dos galegos en América...

**Rosa:** E tampouco esquece aos que quedaron na terra. Non deixa de resoar na miña cabeza un poema no que a protagonista é unha moza...

**Eladia:** Certo, o poema de Celsa R. I. Ai, que mágoa, Rosa, non atopou máis saída á vida na Galicia da posguerra...

**Rosa:** ... có suicidio...

**Eladia:** Escoita que ben o reflicte Seoane no poema:

Celsa pendurouse dunha viga.  
Aforcouse nun alpendre.  
Profesión: pescantina. Estado: viuda.  
Ós coarenta e cinco anos xa era vella.

**Rosa:**  
Cómo brúa a mar.  
Qué negra noite, Celsa  
O vento bate a porta aberta do alpendre  
e abana paseniñamente teu corpo.  
Renxe a viga.

### MÚSICA DE INTRODUCCIÓN AO APARTADO DAS MULLERES. SOA "HIMNE DE FEMMES" DE HABELAS HAINAS.

**Eladia:** Como podes ver, a guerra truncou a vida e o futuro das mulleres galegas da época.

**Rosa:** As que se exiliaron sufriron moito, coma María Miramontes...

**Eladia:** Despois do asasinato de Anxel Casal, o seu compañeiro, ela ten que fuxir..

**Rosa:** Abandonar o seu traballo editorial, refuxiarse na casa duns familiares emigrados e volver a coser...

**Eladia:** Manterá o contacto con algúns dos compañeiros exiliados, mais xa nada volverá a ser o mesmo!



**Rosa:** E as que ficaron na terra non tiveron mellor sorte...

**Eladia:** Durante a Guerra Civil foron moitas as mulleres asasinadas pero tamén houbo outras que quedaron sinaladas, illadas...

**Rosa:** ...perseguidas, acosadas e privadas de toda dignidade. recluídas na casa, ao cargo da prole.

**Eladia:** Mesmo **represaliadas** de xeitos moi crueis: cortábanlle o cabelo ou afeitábanlle a cabeza para que así o resto puidera ver os efectos do castigo.

**Rosa:** Por non falar das violadas ou das que teñen que ver como lles torturan os fillos diante delas... Usando os cativos como un castigo máis...

**Eladia:** Sabes? Hai casos ás que lles quitaron as crianzas para entregarllelas a outras familias....

**Rosa:** Vaia despiadados! E todas elas, eran mozas reivindicativas, concienciadas politicamente...deste xeito quixeron calar para sempre as súas ideas.

**Eladia:** Pero nós, compañeiras, lembraremos os vosos nomes

**Rosa:** ... porque vós sodes a nosa semente:

**Eladia e Rosa:** María Otero González, Alicia Dorado, Marina Rey Sánchez, Josefa Calvo Cortés, Paca de San Amor, Aurora Miguélez, Basilisa Álvarez González, Erundina Álvarez, Pilar Fernández Seijas.....

### MÚSICA DE PECHE DO APARTADO DAS MULLERES. SOA “MATRIARCAS” DE GUADI GALEGO

**Eladia:** Unha das voces incansables dende o exilio é a do poeta Lorenzo Varela. A súa obra está marcada polo **sufrimento** que lle supuxo a guerra civil .

**Rosa:** Non temos máis que escoitar este poema del para entender o seu pesar:

*Morréchedes, matáronvos, deixáronme.  
Quedei eiquí, lonxe das vosas sombras.  
e gardo, coma un morto,  
no centro do silencio, da sede, da agonía,  
o día que vos poda levar á sepultura  
unha cesta de pombas e mazás.*

**Eladia:** Con que **afecto** expresa o lamento polos compañeiros asasinados e a **agonía** dos que o ven dende alén mar.

**Rosa:** Mais... non se deixa levar polo desalento!! Desde o exilio recuperou figuras senlleiras da Galiza medieval, como María Balteira, Roi Xordo...

## Podcast “Faládelle de nós”

---



**Eladia:** Todo contado cun estilo e esmero impecable.

**Rosa:** Eladia, tamén temos que lembrar a obra de Emilio Pita. Outro que non ten paraxe! Escribe na prensa, fai radio, promove coros...

**Eladia:** E así se ve na musicalidade da súa poesía, que sen perder a rima e o ritmo...

**Rosa:** ... denuncia a represión franquista e as condicións de vida dos emigrantes e exiliados!

**Eladia:** Mais, agora, Rosa, **escoita con atención as palabras** Ramón Suárez Picallo. **Ten unha petición para nós...**

### [ESCÓITASE O DISCURSO DE R. SUÁREZ PICALLO]

**Rosa:** Ai, Eladia, agora entendo o título do podcast!! Como non imos falar deles?

**Eladia:** Como para non falar! Os exiliados **mantiveron viva** a chama da literatura galega mentres **a nosa terra estaba escurecida** polo fascismo.

**Rosa:** Canto temos que falar deles e canto merecen que as súas palabras voen!

**Eladia:** Pero polo de agora... imos ter que ir marchando, así que como ben sabes...

**Rosa:** Bo saber é calar...

**Eladia:** Ata que sexa tempo de falar.

### [MÚSICA DE PECHE. SOA A “MUIÑEIRA” DE BAIUCA]

**Rosa:** Tódalas historias que aquí se relatan, teñen por obxectivo achegar a literatura galega ás xeracións máis novas.

**Eladia:** Certo é, que ás veces nos tomamos algunha licenza, unicamente coa fin de ilustrar mellor as nosas palabras.

**Rosa:** Queremos agradecer a colaboración de tódalas persoas que nos axudaron ao longo deste proceso:

**Eladia:** A Consello da Cultura Galega polo “Alba de gloria” de Castelao e as palabras de Ramón Suárez Picallo dende o exilio.

## Podcast “Faládelle de nós”

---



**Rosa:** Tamén, a todos os que nos emprestaron a súa música:

**Eladia:** O “Midas”, de Tanxugueiras.

**Rosa:** O “Hymne de Femmes” de Habelas Hainas

**Eladia:** “Matriarcas”, de Guadi Galego e a “Muiñeira” de Baiuca

**Rosa:** Grazas especialmente a todas e todos os que nos escoitades.

**Eladia:** : Se vos gustou e queredes saber máis de nós seguídenos nas nosas Redes @lingua\_a\_pracer

**Rosa:** Compartide coa vosa xente... para así espallarmos polo mundo ...

XUNTAS...a historia da nosa literatura!